

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VALDOVIÑO

Bases subvencións material escolar

A N U N C I O

Bases da convocatoria de subvencións dirixidas ás familias para material escolar. Curso 2015/2016.

A Xunta de goberno local do concello de Valdoviño, en sesión do día 08 de maio de 2015, acordou aprobar as bases anteditas; que se publican íntegras aos efectos de xeral coñecemento.

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases, a regulación da convocatoria pública, por parte do Concello de Valdoviño, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias, para os gastos de material escolar.

2. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Gastos de material escolar que sexa necesario por consecuencia da escolarización nos niveis de infantil, primaria e secundaria.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS.

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai ou titor/a dun ou varios menores, que cumpran os seguintes requisitos:

- Que o/a menor estea empadroadado no Concello de Valdoviño.
- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Valdoviño.
- Que o/a menor estudie nalgún colexio ou escola unitaria de Valdoviño.
- Non superar os ingresos que establece o seguinte baremo económico:

• Ingresos iguais ou inferiores ó 50% do IPREM, per cápita: neste caso subvencionarase co 100% da contía establecida segundo nivel educativo.

1 persoa	3195,065
2 persoas	6390,13
3 persoas	9585,18
4 persoas	12780,24
5 persoas	15975,325
6 persoas	19170,39

• Ingresos entre o 50% e o 60% do IPREM per cápita: subvencionarase o 50% da contía establecida segundo nivel educativo.

1 persoa	3195,065- 3834,07
2 persoas	6390,13- 7668,156
3 persoas	9585,18- 11502,234
4 persoas	12780,24- 15336,312
5 persoas	15975,325- 19170,39
6 persoas	19170,39- 23004,468

A estes efectos, para calcular os ingresos per cápita, teranse en conta todos os ingresos da unidade familiar, integrando esta os pais/nais ou titores/as e irmáns que estean empadroados no domicilio familiar. (No caso de que algún dos fillos teña recoñecido un grado de minusvalía superior ó 33% e sexa economicamente dependente dos seus proxenitores computará como dous membros).

- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. CONTÍAS DAS AXUDAS

As contías das subvencións quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo:

Nivel de estudos	Contía do 100%	Contía do 50%
Educación Infantil	130,00 euros	65,00 euros
Educación Primaria e Secundaria	100,00 euros	50,00 euros
*Material de adaptación curricular	*120 euros	*60 euros

5. DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA

As subvencións incluídas na presente convocatoria, serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 231.48000 do orzamento municipal correspondente ó ano 2015.

6. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE

Deberá presentarse no rexistro xeral do Concello de Valdoviño a seguinte documentación para a solicitude da axuda:

- Solicitude da axuda (recoller impreso no propio Rexistro)
- Volante de empadramento
- Copia do DNI do pai, nai ou persoa titora.
- Copia do Libro de familia.
- Xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar do ano 2014 (última declaración da renda ou xustificación negativa de non estar obrigado a presentala, nóminas, certificacións de ser demandante de emprego, xustificantes de prestacións...).
- Certificación do centro educativo no que se acredite a matrícula nun centro de ensinanza en Valdoviño.
- Certificado de recoñecemento de discapacidade, de ser o caso
- Declaración responsable de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, Xeral de Subvencións (ANEXO I).

O departamento correspondente revisará os expedientes das solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ó solicitante para que no prazo de dez días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro xeral do Concello de Valdoviño.

O prazo para presentar as solicitudes é dun mes, a contar a partir do seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, unha vez publicada expoñerase no taboleiro de anuncios e na web municipal.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O órgano correspondente concederá as axudas a todos as persoas solicitantes que cumpran os requisitos, tendo en conta as contías establecidas no apartado 4, e sempre que exista crédito adecuado para elo. No caso de que o importe total do crédito reservado sexa insuficiente, prorratearase en función das solicitudes concedidas.

9. TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES

Tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, logo da proposta formulada polos servizos sociais. A Xunta de Goberno Local, logo do informe da intervención municipal, adoptará a resolución motivada que proceda. Dita proposta conterá a relación de solicitantes, as subvencións acordadas e a súa contía, e as denegadas co seu motivo.

10. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- Realizar o gasto obxecto da subvención.

- Acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, coa presentación das facturas correspondentes (orixinais) dos gastos realizados.
- Someterse ás actuacións de comprobación por parte do Concello e ás de control financeiro que corresponda á intervención municipal.
- Comunicarlle ó Concello, se é o caso, a concesión de subvencións solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin (ANEXO I).
- Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

Unha vez resolta a subvención, procederase a notificar ás persoas solicitantes a súa concesión ou denegación e o importe correspondente a cada unha.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderase formular os recursos que procedan.

11. DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

A xustificación da axuda farase coa presentación no Rexistro xeral do Concello dos seguintes documentos:

- Anexo II (Recoller impreso no propio rexistro).
- Acreditación da realización do gasto, coas correspondentes facturas (figurando o seu pagamento) e sendo obrigada a relación entre a actividade e o material adquirido. Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos realizados dende a data da comunicación da concesión da beca ata o día 30/09/2015.

Unicamente serán subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

12. PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO GASTO

O prazo de presentación no Rexistro xeral dos documentos xustificativos rematará improrrogablemente o **15 de Outubro do 2015**.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa solicitude.

13. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O pagamento da axuda concedida farase efectivo unha vez xustificado totalmente o gasto realizado, tendo que efectuarse antes do 31 de decembro de 2015.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso proporá que se efectúe o aboamento.

No suposto de presentar a totalidade dos xustificantes de pagamento requiridos e que se certifique o cumprimento dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, aboarase a totalidade da subvención.

Nos supostos de non presentar a totalidade dos xustificantes requiridos ou de non certificar o cumprimento da totalidade dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, aboarase, de forma provisional, segundo o importe xustificado ou segundo a desviación das previsións iniciais.

14. DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Galicia, xeral de subvencións.

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS PARA MATERIAL ESCOLAR CURSO 2015/2016

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Don/a con DNI
 e enderezo en..... (Valdoviño), e
 teléfono.....

MENORES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA EN IDADE ESCOLAR

Nome e apelidos	Idade	Curso	Colexio

OUTROS MEMBROS/AS DA UNIDADE FAMILIAR

Nome e apelidos	Parentesco

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Que SI/NON (marque o que proceda) se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas a efectos do previsto no artigo 13 da "Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións".

Que SI/NON (marque o que proceda) teño concedidas subvencións solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

PROTECCIÓN DE DATOS -

Dacordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, consinto que estos datos sexan incluídos nun ficheiro do que é titular o CONCELLO DE VALDOVIÑO e podan ser utilizados para xestionar calquera cuestión relacionada, e declaro estar informado/a sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercitar no domicilio do CONCELLO DE VALDOVIÑO en Porta do Sol S/N, 15552, Valdoviño (A Coruña).

En Valdoviño, a de de 2015

Asinado

DOCUMENTACIÓN A ADXUNTAR

- Volante de empadramento
- Copia do DNI do pai, nai ou persoa titora.
- Copia do Libro de familia.
- Xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar do ano 2014 (última declaración da renda ou xustificación negativa de non estar obrigado a presentala, nóminas, certificacións de ser demandante de emprego, xustificantes de prestacións...).
- Certificación do centro educativo no que se acredite a matrícula nun centro de ensinanza en Valdoviño.
- Certificado de recoñecemento de discapacidade, de ser o caso

Declaración responsable de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, Xeral de Subvencións (Asinar na solicitude).

ANEXO II

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS PARA MATERIAL ESCOLAR CURSO 2015/2016

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Don/a..... con DNI e enderezo en (Valdoviño), e teléfono.....

Previa notificación da concesión da axuda solicitada, presento os documentos xustificativos do gasto realizado:

- Facturas ou xustificantes relativos ao gasto realizado en base á axuda para material escolar.
- Número de conta bancaria (código IBAN)
- Cadro cuberto onde se reflictan os documentos presentados

Nome do establecemento	Data da compra	Importe total

Valdoviño, a de de 2015

Asinado “.

Valdoviño, 15 de maio de 2015.

O Alcalde,

Asdo.: José Antonio Vigo Lago.

2015/5675